
OSA

Texto de **JOSÉ RAMÓN ALONSO**

Ilustracións de **LUCÍA COBO**

Tradución de **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 21,5 x 27 cm. 28 páx. 16 €

[Osa](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-289-2. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

[Osa](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-290-8. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

[Ossa](#) (català)

ISBN 978-84-18558-91-7. Álbum ilustrat. Obres d'autor/a.

O outono cubría os campos

e Osa estaba soa.

Rodeada pola espesura do bosque, Osa buscaba...

O seu pelame enchíase de sementes



mentres comía a derradeira froita do verán.

Un álbum tenro e poético sobre a maternidade, un regalo ideal que pon en valor a calma e a serenidade da natureza.

Osa está soa e coa chegada do frío e do inverno busca un bo lugar para durmir. Unha mañá, a luz inunda o seu agocho e a súa tripa axítase, e non é de fame. Unha nova primavera chegará para Osa, aínda que agora xa non estará soa...

O ciclo da vida e o da natureza fúndense nun relato tenro sobre a maternidade presentada como un acontecemento natural e sereno, un momento único de especial conexión entre unha nai e a súa cría.

As ilustracións, delicadas, metafóricas e de gran forza poética e narrativa, cativarán lectores e lectoras de todas as idades.



-
- Temática: maternidade, natureza.
 - Idade recomendada: a partir de 3 anos.
 - Aspectos destacables: familia; emocións; osos, animais do bosque; estacións do ano, o paso do tempo; da ilustradora de "[Continente animal](#)" e "[Elas](#)" (Kalandraka).
 - Avance do libro:
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/osa-g>
-

José Ramón Alonso

Catedrático de Bioloxía Celular na Universidade de Salamanca, da que foi reitor, é investigador posdoutoral e doutor honoris causa por outras universidades de Europa e América. Publicou numerosos libros e artigos e posúe varios dos principais premios de divulgación científica de España. É autor do blog Neurociencia.

<https://jralonso.es/>

Lucía Cobo

Estudou Enxeñaría, e despois de traballar como deseñadora gráfica, titulouse en Ilustración na Escola Pablo Picasso da Coruña, ampliando a súa formación cun Máster en Álbum Infantil Ilustrado. Publicou máis de 15 libros ilustrados, labor que compaxina co seu taller creativo para público infantil e adulto.

<https://www.instagram.com/luciacoboillustration/>

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
